

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Esta programación elabórase conforme ao establecido no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais do marco lexislativo actual tómase como referencia o marco concreto do contexto escolar onde se elabora, o Plan Xeral Anual e o ciclo ao que pertence, atendendo á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen a etapa. É elaborada polas mestras titoras do nivel intentando establecer así unha coordinación tamén de maneira horizontal entre as diferentes áreas que integran o curso. Indicar así mesmo, que debido a que é unha programación formulada para un determinado grupo de alumnos e alumnas teranse en conta as súas particularidades, así como tamén as peculiaridades do centro, dos recursos cos que contamos e a contorna.

Ao mesmo tempo téntase que sexa unha programación aberta e flexible, que posibilibite a introdución das modificacións precisas para mellorar o proceso de ensino-prendizaxe do alumnado. Establécese como obxectivo principal da mesma a contribución ao achegamento por parte do alumnado do nivel de competencias clave que deben alcanzar ao finalizar esta etapa segundo se establece no currículo anteriormente citado. A adquisición destas competencias implica un proceso de desenvolvemento mediante o cal os alumnos e alumnas van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Para iso, priorizaranse tarefas de aprendizaxe onde se favoreza a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas. O programa E-DIXGAL está implantado no centro desde fai 5 anos. Os alumnos e alumnas do actual nivel 5º de Educación Primaria iniciaranse no uso do ordenador e as súas ferramentas durante o actual curso escolar. As Ciencias Sociais achégannos ao coñecemento do mundo no que vivimos, á comprensión da nosa contorna e as aportacións dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O universo e os sistemas de representación do espazo.	Nesta unidade didáctica aprenderase aspectos relacionados co universo, o sistema solar, o planeta Terra e a súa representación no espazo.	33	23	X		
2	A España física e política e os climas	Esta unidade afondará acerca da poboación española e galega, a súa organización política e territorial, os climas e as paisaxes.	34	24		X	
3	Historia: Idade Media e Idade Moderna.	Aprenderanse aspectos relativos ca historia na Idade Media e Moderna: reinos visigodos, conquista musulmana, reinos cristiás, arte medieval, reis católicos,....	33	23			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O universo e os sistemas de representación do espazo.	23

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica e analiza as principais características e organización do medio social, natural e cultural cos medios de investigación axeitados.	PE	60
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Comprende e establece conexións entre o medio natural, social e cultural		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Valora a diversidade etnocultural e afectivo-sexual da sociedade actual		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utiliza recursos dixitais de forma segura e eficaz	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formula preguntas razoadas sobre o medio e amosa curiosidade		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Emprega distintas fontes de información e léxico científico básico nas investigacións relacionadas co medio.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Emprega técnicas de indagación e modelos con medios axeitados na realización de experimentos guiados.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promove un estilo de vida saudable e de respecto con respecto ao planeta		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Amosa actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas con espírito crítico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Interacciona con respecto e equidade exercitando as normas, dereitos, deberes e liberdades seguindo a Constitución española e da Unión Europea.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Amosa actitudes de conservación e coidado do patrimonio natural e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares. - O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos. - Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios. - O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. - Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos. - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
2	A España física e política e os climas	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural	PE	60
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analiza os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual,		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utiliza recursos dixitais de forma adecuada e segura	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosa curiosidade acerca do medio social, natural e cultural		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras adquirindo léxico científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos realizando medicións e facendo rexistros		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promove estilos de vida baseadas no respecto, coidado e protección do planeta		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Analiza e contrasta diferentes modelos na nosa sociedade cunha actitude de respecto ante a igualdade de xénero		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Amosa unha interacción respectuosa e equitativa ante os conflitos exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar e funcións do funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, comunidades autónomas, Estado español e Unión Europea		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. - Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos. - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.

Contidos

- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	Historia: Idade Media e Idade Moderna.	23

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establece conexións sinxelas entre elementos do medio natural, social e cultural	PE	60
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analiza os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actua		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analiza relacións entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade situando os feitos cronoloxicamente		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, situándoas cronoloxicamente.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utiliza recursos dixitais de xeito adecuado e seguro na búsqueda de información.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosa curiosidade e realiza prediccións sobre o medio natural, social e cultural		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca, seleccionr e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizr experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e rexistrando a información		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participa activamente nas interaccións ante problemas ecosociais.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Amosa actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Intractúa de xeito respetuoso exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valora, protexe e mostra actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. - Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia. - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España. - Galicia. Principais institucións, valores e funcións.

Contidos

- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación, metodoloxías activas e contextualizadas favorecendo ao desenvolvemento das competencias clave. Deste xeito, os métodos utilizados parten da perspectiva docente como guía-orientador e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Diseñaranse tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado poida resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Ultraportátiles de alumnado
 Portátil de aula e do docente, e PDI
 Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
 Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
 Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
 Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.
 Radio escolar
 Fontes documentais de internet
 Este curso forma parte do programa E-Dixgal polo que o alumnado conta cos materiais necesarios para o seu seguimento (ordenadores individuais, recursos dixitais, pantalla dixital, canón...). Os distintos materiais e recursos didácticos serán os facilitados polo Entorno Virtual de Aprendizaxe da plataforma E-dixgal, así como documentos auténticos, antigos libros de texto, internet, cadernos complementarios, libretas, material didáctico para a ensinanza das linguas, das matemáticas, das ciencias sociais e das ciencias naturais (láminas, prismas, mapas), xogos educativos, biblioteca de aula e material funxible.
 Dentro dos recursos humanos ademais das profesoras titoras, cóntase con profesorado especialista en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física, Relixión, Pedagogía Terapéutica, e Audición e Linguaxe, ademais da xefa do Departamento de orientación. Así mesmo, unha auxiliar de conversa estará presente ao longo de todo o curso por ser un centro plurilingüe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras sesións para coñecer as principais características e competencias do alumnado.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno ou alumna nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

- Tarefas realizadas en tempo
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.
- Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.
- Comportamento adecuado, e respectuoso coas diferenzas.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control da mestra, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente.

Ao final de cada trimestre, a suma da nota de cada apartado en función do peso da súa porcentaxe, darán a nota da avaliación.

As probas escritas teñen un peso total do 40% na nota do trimestre e o resultado do cálculo da táboa de indicadores o 60%.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Realizarase a través do mestre ou mestra de área, e de ser preciso contarase co profesorado con dispoñibilidade horaria ou cos especialistas de PT e/ou AL se así o considera o Departamento de Orientación. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

Coa finalidade de adaptar a nosa función docente as diversas características do alumnado, estableceranse diferentes medias de atención á diversidade, diversas actuacións e estratexias destinadas a proporcionar unha resposta axustada as necesidades educativas do alumnado. As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Priorizaranse as medidas ordinarias: adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, reforzo educativo e apoio e programas de enriquecemento curricular.

Implantaranse, así mesmo, medidas extraordinarias como as Adaptacións Curriculares, o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. ou a flexibilización da duración do período de escolarización cando as anteriores non foran suficientes

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo terase en conta:

- Profesorado PROA+ Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

- O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.

- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno e cada alumna.

- A persoa docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a igualdade de xénero. Desenvolver unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas e rexeitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo.	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde. Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que melloran a calidade de vida	X	X	X
ET.3 - Educación medioambiental. Entender o medio como un sistema onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo, achegando ideas e posibles solucións para a súa mellora e mantemento.	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz.. Respetar a diversidade e rexeitar calquera tipo de discriminación.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - - Educación para o consumo. Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades interdisciplinares	Con outros ciclos e niveis do centro			
Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro.	Diversas saídas de contido cultural ao longo do curso			
Celebración de conmemoracións	Celebración das distintas conmemoracións que marca o calendario oficial			
Saídas e visitas	Aproximadamente unha por trimestre. Saídas pola contorna, museos e exposicións, actividades didácticas,...			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%) Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado Grao de coordinación entre os docentes do nivel Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85% Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80% Grao de motivación continuada do alumnado Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario. Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

9. Outros apartados